Trasalba 30-VII-61

Sr. D. Luis Tobío
Montevideo

Querido amigo: Moi ledo ca sua carta. Devolvolle o es-
quema xeográfico. Coido que así vai ben. Trátase de un seminar xeo-
gráfico e non de unha xeografía. E concedín moito ás chamadas dos
rios e da costa. Penso que a cartografía é do millor. Mandarei
unha presa máis de fotos. Quixera saber en canto tempo. Eiquí
domina a preguiza. Escribolle a Parga. Estou abraiado ca mor-
te súpeta de Aquilino Iglesia Alvariño. Estivera co il o 27 en
Sant Iago, tan bon e ledo e bebedor. Morreu o 28 cando xa eu
estaba eiquí. Xa o libro ten de levar unha necroloxía. Hai
que procurar quen faga a historia da lingoa pra publicar
polo comén da Idade Meia. Quezais Isidoro Millán González-
Pardo, catedrático de Pontevedra. Estarei en Sant Iago mañán
e buscarei consello. Non sei si a Introducción vai co Etno-
grafía. Coido que non. Pois abultaría demais o volume. Es-
tou ardente agora novamente por mirar publicada a
Etnografía. O peor vai ser a revisión. O Risco non está ho-
xe pra traballos sérios. De todos xeitos pídolle cando podia
a sua idea xeneral da obra. Eiquí os mais desconfian ca
longa demora. Hoxe animame o lecer a montada en
Pecen. Saudos na casa. E ó fillo. Con apertas a camelia
grande, puro e cerne galego, e o apaixoado e cerne-
coente cristán.. Penso que M? Risco Macías dixera
ben posto nos pobellón e seu nome. Adeus. Sempre o
vello amigo

Ramón Otero Pedrayo